



Transferencia de Crédito 004-T/21 (09/21)

Expte. Cívicas nº 2021004849

TR – 004T/2021

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Vista a Providencia da Concellería delegada da Área de Infraestruturas, asinada o 05/02/2021, polo Coordinador e Infraestruturas e Medio Ambiente e rubricada polo Sr. Alcalde, na mesma data, na que se propón dotar de crédito, por un importe total de 997.775,00 €, nas seguintes aplicacións orzamentarias:

<u>Código</u>	<u>Descrición</u>	<u>Importe</u>
N100.1532.60003	Expropiación de terreos inv. vías públicas	3.275,00
N100.1532.60900	Act. novas paviment. vías públicas	241.500,00
N100.1532.61900	Infraestruturas viarias urbanas	550.000,00
N100.1610.60003	Expropiación de terreos inv. vías públicas	3.000,00
N100.1610.63700	Investim. reposición proxectos complexos de augas	200.000,00
TotalTransferencias Positivas		997.775,00 €

Indicando na refererida providencia que: “Visto que no exercicio 2020 téñense incoado diversos expedientes para actuacións de investimentos, provindo moitos deles de actuacións que derivan de procedementos administrativos iniciados en anos anteriores que é preciso continuar neste exercicio 2021.

No expediente 2017023838 tense acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 5 de novembro de 2020 o seguinte:

“Adxudicar, mediante procedemento aberto, as **obras do proxecto de acondicionamento de viario desde OU-506 até o cemiterio de Velle** a Construciones Leonardo Miguélez SL (NIF B15289614), por un importe de 41.007,00 €, máis 8.611,47 € en concepto de IVE, dando un total de 49.618,47 €, con cargo á aplicación orzamentaria 100.1532.60900 do orzamento municipal vixente (RC núm. 202000038724), por ser a oferta economicamente máis vantaxosa das admitidas e ser o prezo o único criterio de adxudicación.”

No expediente 2017023976 tense acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 5 de novembro de 2020 o seguinte:

“Adxudicar, mediante procedemento aberto, as **obras do proxecto de acondicionamento de rúa da Rabaza a Vías e Servizos Compostela SL** (anteriormente Empresa de Mesturas Asfálticas SL) (NIF B94106747), por un importe de 129.754,33 €, máis 27.248,41 € en concepto de IVE, dando un total de 157.002,74 €, con cargo á aplicación orzamentaria 100.1532.60900 do orzamento municipal vixente (RC 202000036706), por ser a oferta economicamente máis vantaxosa das admitidas e ser o prezo o único criterio de adxudicación.”

No expediente 2017022056 tense acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 12 de novembro de 2020 o seguinte:

“Adxudicar, mediante procedemento aberto, as **obras do proxecto de ensanche de beirarrúa de rúa dá Canle desde Fonte do Monte a rúa Ricardo Courtier** a Rasalérez SL (NIF B36509461), por un importe de 34.516,32 €, máis 7.248,43 € en concepto de IVE, dando un total de 41.764,75 €, con cargo á aplicación orzamentaria 100.1532.61900 do orzamento municipal vixente (RC 202000036701), por ser a oferta economicamente máis vantaxosa das admitidas e ser o prezo o único criterio de adxudicación.”

No expediente 2014003647 se recolle na necesidade de acometer unhas obras de reposición de accesos á edificación nº 8 da rúa do Fonsillón, para o que é preciso dotar crédito por importe de 11.500,00 € na aplicación orzamentaria de actuacións de investimentos de infraestruturas e de 3.275,00 € na aplicación de expropiacións.

Neste expediente, por decreto da Concelleira delegada de Facenda número 2019002599 de data 05/04/2019 foi aprobado o “proxecto de reposición de accesos á edificación nº 8 da rúa do Fonsillón por un importe de 11.500,00 € (9.504,13 € de base mais 1.995,87 de IVE)”. Así mesmo, no anexo nº 10 do proxecto elaborado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Daniel Durán Arriero en data 19 de novembro de 2018 se recolle a valoración das expropiacións necesarias para acometer as actuacións precisas, fixándose un importe de 3.526,80 €, con informe do Arquitecto Municipal de data 19/12/2018 no que indica que “na documentación



achegada o 28/11/2018, realízase unha valoración dos terreos en situación básica de solo urbanizado conforme ao disposto no Capítulo IV do RD 1492/2011 de Valoración en situación de solo urbanizado, polo que se corríxen as deficiencias detectadas no informe emitido por este técnico o 12/09/2018". Por último, indicar sobre esta actuación que a mesma foi incluída mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 15 de decembro de 2020 no "Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2020, para os efectos de obte-la declaración de utilidade pública, a obra denominada "reposición de accesos á edificación n.º 8 da rúa do Fonsillón" –termo municipal de Ourense-, co número 214/POS/2020, cun orzamento de 11.500,00 € financiados integramente con cargo ás arcas municipais".

No expediente 2019044825 se recolle a necesidade de actuacións sobre galería de saneamento en solar sito na rúa Cervantes 14 derivadas do necesario cumprimento do mandato xudicial no procedemento abreviado núm 0000297/2016 do Xulgado do Contencioso/Administrativo nº 2 de Ourense, para o que é preciso dotar crédito por un importe de 200.000,00 €, en base o recollido no proxecto "variación de colector de saneamento afectado por las obras de edificación en rúa Cervantes 14", redactado por Don Iván Valcarce Rodríguez, enxeñeiro de camiños, canles e portos.

No expediente 2020008203 por decreto da Concellería de Infraestruturas número 2020002292 de 22/05/2020 tense adxudicado a empresa Estudio Técnico Gallego, S.A. por un importe de 11.495,00 €, o **contrato de asistencia técnica á xestión de expropiacións das obras definidas no proxecto de "mellora da rede de saneamento en Os Viros. Concello de Ourense"**, sendo contabilizado no exercicio 2020 una retención de crédito con número de operación 202000051966 en data 09/11/2020 por importe de 2.967,33 € que é preciso recoller no exercicio 2021 coa máxima urxencia para poder continuar a tramitación administrativa do expediente expropiatorio ó que se vincula. Estando incluída a actuación prevista no Plan de Infraestruturas 2020-2021 co número de orde 30, cun importe previsto da actuación a acometer de 213.511,22 €, para o que é preciso realizar este primeiro paso de consecución dos terreos necesarios.

Por último, dende o Servizo de Infraestruturas estímase urxente a dotación dun importe de 500.000,00 € na aplicación orzamentaria de investimentos de infraestruturas para acometer actuacións precisas e necesarias nesta área durante o presente exercicio 2021."

Constando no expediente informe asinado en data 03/02/2021 polo Técnico de Administración Xeral e o Director Xeral de Recursos Humanos no que indican que:

"Visto a solicitude do alcalde de informe acreditativo da dispoñibilidade do crédito no capítulo I de persoal Area de gasto 1 e as aplicación orzamentarias concretas nas que exista dita dispoñibilidade por importe global de 997.775,00 € para as necesidades de inversión en infraestruturas;

Informase que conforme os datos proporcionados polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, tendo en conta a evolución dos créditos, e a existencia de vacantes que non foron cubertas neste período, é posible a redución das dotacións destes áreas de gasto sen perturbación dos respectivos servizos no seguinte importes:

No marco da **Area de Gasto 1** polo importe total de **997.775,00 €** conforme co seguinte detalle:

APLICACIONES QUE PERMITEN REDUCIÓN DE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N 280.1320.12003	Saldos grupo C1 Policía Local	150.000,00 €
N 280.1320.16000	Cota patronal S Social Policía Local	500.000,00 €
N 280.1360.12100	C Destino. Extinción de Incendios	75.000,00 €
N 280.1360.12101	C Específico. Extinción de Incendios	125.000,00 €
N 280.1360.16000	Cota patronal S. Social Extinción de Incendios	147.775,00 €
Total Posible Transf. Negativas:		997.775,00 €"

Visto o informe desfavorable elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref: JFC/034/2021), de data 10/02/2021, no que se recolle que: (...) "Por este Órgano debe informarse que **a solicitude recibida incumpre o previsto na base 14** do orzamento en vigor (prorrogado do 2020) en canto que "as transferencias de crédito poderán levar consigo a creación de novas partidas orzamentarias sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que non exista partida axeitada á natureza do gasto.
- **Que supoña a apertura dun articulo ou concepto novo, dun grupo de programa xa aberto en contabilidade.**
- Que respecte a estrutura orzamentaria vixente.
- **Que persiga a atención de gastos xenéricos."**

En primeiro lugar, porque as aplicacións orzamentarias que se pretenden incrementar coa transferencia de crédito non existen no orzamento municipal, tal e coma se pode comprobar no orzamento prorrogado non se recollen estas aplicación para gastos de investimentos e non está aberto o Capítulo 6 a nivel do Grupo de Programa para o que se solicita a modificación orzamentaria, **polo que a transferencia incumpriría a base 14 do orzamento en vigor, xa que de realizarse ésta comportaría a apertura dun novo Capítulo dentro dos Grupos de Programa 153 e 161.** Situación ésta xa indicada pola Intervención Municipal en expediente similar (noutro exercicio pero co mesmo contido na base 14 referida anteriormente), no que mediante Oficio de data 06/02/2018 con referencia 097/18 (CÓDIGO CSV: 2M7E5UFVH794ZR86) se devolve o expediente de transferencia de crédito remitido indicando: "Recibido expediente de Transferencia de créditos núm. 2-T/17 co





Concello de **OURENSE**

obxecto da emisión do informe preceptivo de Intervención municipal, procédese a súa devolución toda vez que a xuízo do funcionario que subscribe a transferencia de crédito proposta incumpre os requisitos establecidos no artigo 14 das bases de execución do orzamento, dado que a súa realización comporta a apertura dun novo capítulo dentro do programa de gasto 9200 "Servizos Xerais".

En segundo lugar, a xuízo de quen informa, salvo a parte da proposta para a dotación de crédito por "importe de 500.000,00 € na aplicación orzamentaria de investimentos de infraestruturas para acometer actuacións precisas e necesarias nesta área durante o presente exercicio 2021", o resto das aplicacións a incrementar non semellan ter o carácter de perseguir "a atención de gastos xenéricos" requirido neste caso."

(...) E conclúe: "De conformidade coas consideracións anteriores, observando que neste expediente non se están a cumprir os requisitos que esixen as Bases de Execución e tendo en conta, así mesmo, o previsto nestas Bases en canto ao órgano competente para aprobar as transferencias de crédito (núm 14º.4.a), por este Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria **se informa desfavorablemente** a solicitude de transferencia solicitada ..."

Vista a proposta de modificación orzamentaria 004-T/2021, utilizando a figura das transferencias de crédito, asinada polo Sr. Alcalde, coma responsable da Área de Infraestruturas e polo Sr. Concelleiro delegado de Facenda, en data 11/02/2021, na que se recolle "A Concellería delegada da Área de Infraestruturas, a vista do estado de execución das aplicacións orzamentarias xestionadas por dita Concellería, manifesta a insuficiencia de crédito orzamentario, existente a nivel de bolsa de vinculación xurídica, nas aplicacións vinculadas a gastos de investimento, polo que o Sr. Alcalde, en data 01/02/2021, solicita informe ao Servizo de Recursos Humanos sobre a posibilidade de existencia de aplicacións orzamentarias do capítulo I de persoal, área de gasto 1, con suficiente dotación crediticia que poda minorarse sen prexuízo do correcto funcionamento do servizo, por un importe global de 997.775,00 €.

Consta no expediente informe técnico do Servizo de Recursos Humanos, do 03/02/2021, asinado tamén polo Director Xeral na mesma data, no que se sinalan unhas determinadas aplicacións orzamentarias, do capítulo I de persoal, cuxas dotacións poden ser reducidas "sen perturbación do servizo" e poden transferir crédito, por un importe total de 997.775,00 euros, ás aplicacións orzamentarias que o precisan.

Tendo en conta o exposto, así como a existencia de dotación crediticia en aplicacións de persoal, a Concellería delegada do Servizo de Infraestruturas, mediante Providencia, asinada o 05/02/2021 polo Coordinador de Infraestruturas e Medio Ambiente e rubricada polo Sr. Alcalde, na mesma data, solicita ao Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria "a incoación dun expediente de modificación orzamentaria, na modalidade de transferencia de crédito, por un importe global de 997.775,00 €, segundo o seguinte detalle: (...)

Visto o informe elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref: JFC/034/2021), de data 10/02/2021, desfavorable a proposta de modificación remitida a ese Órgano.

De conformidade cas consideracións anteriores, considerando que neste expediente se están a cumprir os requisitos que esixen as Bases de Execución e tendo en conta, así mesmo, o previsto nestas Bases en canto ao órgano competente para aprobar as transferencias de crédito (núm 14º.4.a), a **proposta de resolución** que se eleva ao Sr. Alcalde-Presidente, previa conformidade do responsable da área de gasto afectada pola modificación orzamentaria e previo informe favorable da Intervención Municipal, é a seguinte

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 004-T/2021, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 1

A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N100.1532.60003	Expropiación de terreos inv. vías públicas	3.275,00
N100.1532.60900	Act. novas paviment. vías públicas	241.500,00
N100.1532.61900	Infraestruturas viarias urbanas	550.000,00
N100.1610.60003	Expropiación de terreos inv. vías públicas	3.000,00



N100.1610.63700 Investim. reposición proxectos complexos de augas	200.000,00
Total Transf. Positivas:	997.775,00 €

B) APLICACIÓNS QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N 280.1320.12003 (RC mod 202100008759)	Soldos grupo C1 Policía Local	150.000,00
N 280.1320.16000 (RC mod 202100008760)	Cota patronal S Social Policía Local	500.000,00
N 280.1360.12100 (RC mod 202100008761)	C Destino. Extinción de Incendios	75.000,00
N 280.1360.12101 (RC mod 202100008762)	C Especifico. Extinción de Incendios	125.000,00
N 280.1360.16000 (RC mod 202100008763)	Cota patronal S Social Extinción de Incendios	147.775,00
Total Transf. Negativas:		997.775,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e ao Servizo de Infraestruturas para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

Visto o informe favorable á proposta emitido pola Intervención Xeral (ref: 4-T/21), de data 22/02/2021, no que se indica que (...): “No que atinxe ao cumprimento dos requisitos establecidos na base 14 das de execución do orzamento, cando esta supoña a creación de novas aplicacións orzamentarias, de feito particular :

- Que non exista partida axeitada á natureza do gasto.
- Que supoña a apertura dun articulo ou concepto novo, dun grupo de programa xa aberto en contabilidade.
- Que respecte a estrutura orzamentaria vixente.
- Que persiga a atención de gastos xenéricos.

o funcionario que subscribe, a diferenza do infomado polo titular do Órgano de xestión económica e orzamentaria, entende concorrente o cumprimento destes requisitos por estimar que estamos ante gastos xenéricos para os que non existe aplicación orzamentaria axeitada, e respectar a estrutura orzamentaria vixente.

No que atinxe á apertura dun artículo ou concepto novo, dun grupo de programa xa aberto en contabilidade, tamén cabe predicar o seu cumprimento, toda vez que existen remanentes de incorporación obrigatoria ao exercicio económico do 2021, nas aplicacións orzamentarias 100.1530.60902 “ Construción nova ponte Río Barbaña “ con código de proxecto 14-2-14-02 e 100.1610.62700 “ Obras de abastecemento e saneamento “ con código de proxecto 12-2-13-10, que inda non reflectidos a día de hoxe no orzamento prorrogado, ben puideron estalo no decreto de prórroga, por expresa dicción do artigo 21.4 do Real decreto 500/900, do 20 de abril, e que en calquera caso, formarán parte do orzamento do 2021 por tratarse de remanentes de crédito de incorporación obrigatoria, non potestativa para o Concello de Ourense, de xeito tal que tanto o grupo de programa 153 coma o 161, debe entenderse existentes no orzamento do 2021 polas razóns anteriormente expostas.

De feito, ao fío do manifestado, por afectar á capacidade de xestión económica e orzamentaria do Concello de Ourense, a xuízo do funcionario que subscribe, sería convinte axilizar os trámites e os mecanismos legais para incorporar ao exercicio económico do 2021, aqueles remanentes que por estar afectados a proxectos de gastos ou contar cun financiamento alleo, representan unha capacidade de gasto susceptible de ser utilizada sen necesidade esperar ao resultado da liquidación do exercicio anterior”.

Concluindo o citado informe da Intervención Municipal que:

“3.- Fiscalización

A proposta de transferencia de crédito número 4 en tramitación adecúase á lexislación vixente aplicable na materia”.

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o número 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 004-T/2021, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 1





Concello de **OURENSE**

A) APLICACIONES QUE RECIBEN CRÉDITO

Aplicación	Descripción	Importe
N 100.1532.60003	Expropiación de terreos inv. vías públicas	3.275,00
N 100.1532.60900	Act. novas paviment. vías públicas	241.500,00
N 100.1532.61900	Infraestructuras viarias urbanas	550.000,00
N 100.1610.60003	Expropiación de terreos inv. vías públicas	3.000,00
N 100.1610.63700	Investim. reposición proxectos complexos de augas	200.000,00
Total Transf. Positivas:		997.775,00 €

B) APLICACIONES QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descripción	Importe
N 280.1320.12003 (RC mod 202100008759)	Soldos grupo C1 Policía Local	150.000,00
N 280.1320.16000 (RC mod 202100008760)	Cota patronal S Social Policía Local	500.000,00
N 280.1360.12100 (RC mod 202100008761)	C Destino. Extinción de Incendios	75.000,00
N 280.1360.12101 (RC mod 202100008762)	C Especifico. Extinción de Incendios	125.000,00
N 280.1360.16000 (RC mod 202100008763)	Cota patronal S Social Extinción de Incendios	147.775,00
Total Transf. Negativas:		997.775,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e ao Servizo de Infraestructuras para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

